

ConSELLERÍA DE CULTURA E XUVENTUD

Orde do 14 de febreiro de 1992 pola que se desenvolve o Decreto 38/1991, do 1 de febreiro, que regula o funcionamento das bibliotecas itinerantes de préstamo.

O Decreto 38/1991, do 1 de febreiro (DOG do 22 de febreiro) regula o funcionamiento das bibliotecas itinerantes de préstamo que atenderán as necesidades de lectura dos núcleos de poboación menores de 2.000 habitantes, daqueles colectivos humanos que polas súas especiais características non teñan dade acceso ás bibliotecas públicas e demanden servicios bibliotecarios, e das persoas individuais que por razóns de índole especial non poidan acceder a unha biblioteca pública.

O funcionamento normalizado destas bibliotecas precisa unha ordenación específica que facilite o seu normal desenvolvemento,

Por todo isto,

DISPOÑO

Artigo 1º

A organización, xestión e coordinación das bibliotecas itinerantes de préstamo corresponde en cada provincia á delegación provincial da Consellería de Cultura e Xuventude.

Artigo 2º

Corresponde á Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura e Xuventude a selección e preparación do material técnico necesario para o funcionamiento das bibliotecas itinerantes de préstamo, a adquisición e substitución dos materiais bibliográficos e audiovisuais que formen os fondos de préstamo das bibliotecas e a realización dos informes técnicos sobre o seu funcionamento.

Artigo 3º

O material obxecto de préstamo estará constituído por distintos tipos de lotes bibliográficos e audiovisuais, identificados por letras e números, segundo se especifica a seguir.

A. Literatura infantil.

- A.1 Literatura infantil en castelán.
- A.2 Literatura infantil en castelán.
- A.3 Literatura infantil en galego.
- A.4 Literatura infantil en galego.

B. Literatura xuvenil.

- B.1 Literatura xuvenil en castelán.
- B.2 Literatura xuvenil en galego.

C. Literatura adultos.

- C.1 Literatura adultos en castelán.
- C.2 Literatura adultos en castelán.
- C.3 Literatura adultos en galego.
- C.4 Literatura adultos en galego.

D. Materias especiais.

- D.1 Ciencias sociais.
- D.2 Filoloxía.
- D.3 Agricultura.
- D.4 Mar e pesca. Saúde. Deporte e tempo libre.
- D.5 Arte. Ciencias da natureza.
- D.6 Varios.

E. Audiovisual.

- E.1 Vídeos recreativos.
- E.2 Vídeos culturais.
- E.3 Casetes musicais.
- E.4 Discos e compactos musicais.

Artigo 4º

O envío dos lotes bibliográficos e audiovisuais realizarase desde os puntos de reparto das bibliotecas itinerantes de préstamo que sinalen as delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Xuventude a aquelas entidades que as soliciten, de maneira totalmente gratuita. Terán preferencia as entidades de carácter eminentemente cultural ou educativo. A súa devolución será acordada pola delegación provincial da Consellería de Cultura e Xuventude coa entidade, sen que a esta lle supoña ningún custo.

Artigo 5º

A petición dos lotes será realizada por persoa debidamente autorizada pola entidade solicitante, cubrindo os impresos que a delegación provincial da Consellería de Cultura e Xuventude lle facilitará. Un exemplar será arquivado na delegación provincial e outro quedará en poder do solicitante.

Artigo 6º

Establécese un prazo de 48 horas para fazer reclamacións sobre o contido dos lotes, tanto por parte da entidade no momento da recepción do lote, como da delegación provincial da Consellería de Cultura e Xuventude no momento da súa devolución, entendéndose noutro caso que o lote está completo.

Artigo 7º

Os lotes préstanse por un período de dous meses, podendo a delegación provincial da Consellería de Cultura e Xuventude acceder ou denega-la prórroga doutro único período.

Artigo 8º

As delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Xuventude, de acordo coa demanda do servicio de préstamo, determinarán o número máximo de lotes que unha entidade pode retirar ó mesmo tempo.

Artigo 9º

As entidades beneficiarias dos préstamos obríganse a cumpri-las seguintes normas:

- a) Responder do material recibido, reponéndoo en caso de perda, subtracción ou deterioración inxustificada.
- b) Facer consta-los datos solicitados nos impresos que acompañan os lotes e que se utilizarán para efectos organizativos e estatísticos.
- c) Disfundir gratuitamente os libros e o material audiovisual entre as persoas pertencentes á entidade.
- d) Devolve-lo lotes nos prazos sinalados.
- e) Cumprir calquera outra norma que dicte a Consellería de Cultura e Xuventude para un mellor funcionamento deste servicio.

Artigo 10º

O incumprimento das normas contidas no artigo anterior suporá a perda da condición de entidade beneficiaria.

Artigo 11º

Os bibliobuses consideraranse como bibliotecas ambulantes de préstamo.

Artigo 12º

O calendario de itinerarios cos horarios de paradas e atención ó público será fixado pola delegación provincial da Consellería de Cultura e Xuventude con periodicidade trimestral, dando publicidade deles polo menos quince días antes do seu comezo, nos concellos e ó público en xeral.

Artigo 13º

Os servicios dos bibliobuses serán gratuitos para todos usuarios, que deberán estar en posesión dun carné que os acredeite como tales e que se expedirá nos mesmos vehículos ou nas delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Xuventude.

Artigo 14º

Para atender a todas aquellas persoas que non podan acceder a bibliotecas, axencias de lectura e bibliobuses, establecese o servicio de préstamo directo, atendido polas delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Xuventude.

Artigo 15º

Os interesados en recibir este servicio dirixiranse á delegación provincial da Consellería de Cultura e Xuventude da súa provincia respectiva solicitando o carné de usuario. Xunto con el remitiráselle un catálogo ou relación de material bibliográfico e audiovisual en préstamo e as normas concretas de funcionamento.

Artigo 16º

Os gastos de envío e devolución correrán por conta das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Xuventude, obrigándose o beneficiario do préstamo

a cumpri-las normas que lle indiquen as delegacións provinciais, fundamentalmente en canto a prazos de devolución e número de obras que se poden solicitar de cada vez.

Artigo 17º

Os usuarios comprométense a devolve-lo material bibliográfico ou audiovisual en perfectas condicións ó puntos de recepción que se lles indiquen. O retraso inxustificado suporá a perda da condición de prestatario.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 1992.

Daniel Barata Quintas
Conselleiro de Cultura e Xuventude

III. OUTRAS DISPOSICIÓNNS**Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**

Decreto 56/1992, do 13 de febreiro, polo que se autoriza a creación dun centro non oficial recoñecido de grao profesional de danza, denominado Escola de Danza Druída.

Á vista do expediente subscrito por Mercedes Suárez Rodríguez, no que solicita autorización para a creación dun centro recoñecido de danza de grao profesional na Coruña, tendo en conta os informes dos servicios correspondentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e de acordo co disposto nos artigos 39, 40, 41 e 42 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo e nos artigos 3º.2 e 4º do Decreto 1.987/1964, do 18 de xuño, sobre regulamentación de centros non oficiais de ensinanzas artísticas,

Por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trece de febreiro de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:**Artigo primeiro.**

Autorízase a creación dun centro non oficial recoñecido de grao profesional de danza, denominado Escola de Danza Druída, situada na r/ Rosalía de Castro, nº 1, A Coruña. O mencionado centro queda adscrito á Real Escola Profesional de Danza de Madrid, para efectos de formalización de matrícula e exame de reválida.